

**PROGRAMACIÓN
DOCENTE DO
CICLO DE
EDUCACIÓN
INFANTIL
(Curso 2020-2021)**

*CPI Aurelio
Marcelino
Rey García
(Cuntis-
Pontevedra)*



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. CARACTERÍSTICAS DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	3
3. COMPETENCIAS BÁSICAS.....	3
4. OBXECTIVOS.....	4
4.1. Finalidade da programación.....	4
4.2. Obxectivos xerais de Educación Infantil.....	4
4.3. Obxectivos da programación.....	5
5. CONTIDOS, ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.....	5
5.1. ADAPTACIÓN COVID 19.....	7
6. PROGRAMACIÓN DE 3 ANOS.....	9
6.1. OBXECTIVOS DO NIVEL DE 3 ANOS.....	9
6.2. CONTIDOS DO NIVEL DE 3 ANOS.....	12
6.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO NIVEL DE 3 ANOS.....	14
7. PROGRAMACIÓN DE 4 ANOS.....	17
7.1. OBXECTIVOS DO NIVEL DE 4 ANOS.....	17
7.2. CONTIDOS DO NIVEL DE 4 ANOS.....	21
7.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 4 ANOS.....	28
8. PROGRAMACIÓN DE 5 ANOS.....	32
8.1. OBXECTIVOS DO NIVEL DE ANOS.....	32
8.2. CONTIDOS DO NIVEL DE 5 ANOS.....	34
8.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 5 ANOS.....	38
9. PERÍODO DE ADAPTACIÓN PARA O ALUMNADO DE 3 ANOS.....	41
10. METODOLOXÍA.....	45
10.1 LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS.....	46
10.2 PSICOMOTRICIDADE.....	47
11. RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS.....	49
12. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL E TEMPORAL.....	50
12.1. Distribución espacial.....	50
12.2. Distribución temporal.....	50
13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	51
14. A EDUCACIÓN EN VALORES E PARA A CONVIVENCIA.....	52
15. AVALIACIÓN.....	56
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	57
17. CONCRECIÓN DO PROXECTO LECTOR, DO PLAN DE CONVIVENCIA, DO PLAN PROXECTA, DO PLAN DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.....	57
17.1. ACCIÓNS PREVISTAS DO ACORDO CO PROXECTO LECTOR.....	57
17.2. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA NA EDUCACIÓN INFANTIL.....	58
17.3. CONCRECIÓN DO PLAN PROXECTA NA EDUCACIÓN INFANTIL.....	58
17.4. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.....	58
18. AVALIACIÓN XERAL DA PROGRAMACIÓN.....	60

1. INTRODUCCIÓN

A estrutura que se segue para elaborar esta programación é a do Real Decreto 1630/2006 do 29 de Decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas do 2º ciclo de Educación infantil e máis concretamente o Decreto 330/2009 do 4 de Xuño, polo que se establecen o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 25 de Xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e os documentos de xestión do centro.

2. CARACTERÍSTICAS DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

No centro contamos con 64 alumnos /as distribuídos en catro aulas de Educación Infantil do seguinte xeito:

- 1 aula de 3 anos de 13 alumnos/as.
- 1 aula de 3 anos de 13 alumnos/as.
- 1 aula de 4 anos de 17 alumnos/as.
- 1 aula de 5 anos de 21 alumnos/as.

O profesorado que forma a actividade docente do ciclo consta de:

- 4 titoras de Educación Infantil
- 1 mestra de Apoio a Infantil.
- 1 mestre de Psicomotricidade.
- 1 mestre de Audición e Linguaxe.
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica.
- 1 mestra de Música.
- 1 mestra de Lingua Estranxeira-Inglés.
- 2 mestras de Relixión.

3. COMPETENCIAS BÁSICAS.

Tal como explicita na LOMCE as 7 competencias claves e na LOE as 8 competencias básicas, orientarán e impregnarán o currículo de Educación Infantil, téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionando o tratamento das áreas.

Aínda que non son obrigatorias na Educación Infantil, si que é conveniente que se contribúa ao seu desenvolvemento dende esta etapa.

Durante este proceso traballaranse tódalas competencias básicas de educación infantil.

1- Competencia en comunicación lingüística: Na asemblea, nas conversas, nos contos...

2- Competencia matemática: Nas clasificacións, nos recontos,...

3- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico: Na busca de información, visitas, experimentos, horta escolar...

4- Tratamento da información e competencia dixital: Actividades interactivas, películas, busca información na web,...

5- Competencia social e cidadá: Asemblea, xogos, consenso de normas, debates, votacións....

6- Competencia cultural e artística: Xogos, cancións, contos, visitas, actividades plásticas...

7- Competencia para aprender a aprender: Resolver dúbidas coa información que vai xurdindo e reorganizar o que se sabe.

8- Autonomía e iniciativa persoal: Actividades de traballo en grupo e de forma individual tipo rutinas de entrada, saída e aseo...

4. OBXECTIVOS.

4.1. Finalidade da programación.

A finalidade desta programación para o curso 2020/2021, é que os nenos/as do 2º ciclo de Educación Infantil acaden os obxectivos propostos nesta, para que vaian adquirindo autonomía, madurando e acadando tódalas capacidades de desenvolvemento que os nenos/as deben ter na devandita idade.

4.2. Obxectivos xerais de Educación Infantil.

Os obxectivos xerais que deben acadar os nenos/as unha vez que rematen o 2º ciclo de Educación Infantil son:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relacións sociais, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

4.3. Obxectivos da programación.

Os obxectivos do ciclo estarán especificados nos diferentes niveis que compoñen o segundo ciclo de Educación Infantil, serán distribuídos nas tres áreas que compoñen o novo currículo de Educación Infantil.

5. CONTIDOS, ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.

Os contidos son un instrumento que permite desenvolver ao alumnado as capacidades recollidas nos obxectivos. Estes deben estar organizados en áreas correspondentes a diferentes ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas, que teñan continuidade entre ciclos que forman a etapa, e que teñan interese e significado para os nenos e nenas.

Para facilita a tarefa de planificación educativa dos contidos e a súa organización agrupámoslos nas seguintes Áreas Curriculares, que á súa vez se estruturan en Bloques de Contido:

• **Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:**

Fai referencia ao conxunto de experiencias que posibilitan o progresivo coñecemento que os nenos e nenas van adquirindo de si mesmos en interacción cos demais, partindo do coñecemento e control do propio corpo. Os seus bloques de contidos son: O corpo e a propia imaxe, xogo e movemento, a actividades e vida cotiá e o coidado persoal e a saúde.

• **Área de Coñecemento do contorno:**

Fai referencia ao propio coñecemento sobre o medio físico, natural e social que vai construíndo cada neno e nena. Os seus bloques de contido son: Elementos, relación e medida, acercamento á natureza e cultura e vida en sociedade.

• **Área de Linguaxes: comunicación e representación.**

Fai referencia ás relacións entre os nenos e nenas e o seu medio e ao coñecemento das distintas formas de expresión e recursos expresivos propios da sociedade na que viven. Os seus bloques de contidos son: Linguaxe verbal, Linguaxe artística, Plástica – música-corporal e Linguaxe audiovisual.

Por outra banda, estes contidos deben estar secuenciados e organizados o que supón ordenalos no tempo e organizalos entre sí coa finalidade de que a súa adquisición permita alcanzar os obxectivos ou finalidades especificadas. Para iso debemos ter en conta a realidade educativa á que nos encontramos tendo en conta os progresos que se establezan no ciclo, así coma a súa continuidade, sen esquecermos das características específicas que definen esta etapa como son:

- A extensión: é unha etapa moi ampla con enormes variacións de carácter individual, de aí un plantexamento aberto que sinale liñas mais que un prazo concreto.
- A continuidade entre os ciclos que forman a etapa.

- A globalización onde os contidos estarán integrados de forma natural en unidades significativas e evitando a fragmentación.
- Amplitude de contidos: esta etapa abarca un amplo de conxunto de elementos da realidade: datos, feitos, conceptos, actitudes, valores, hábitos, procedementos que se deben traballar de xeito interrelacionado.

Polo tanto a secuenciación de contidos non debe ser moi exhaustiva, senón que dependerá da realidade educativa á que nos enfrontemos, partirá das experiencias e coñecementos previos do noso alumnado particular e dos seus progresos ao longo do curso, ciclo e etapa.

A continuación detallamos os centros de interese que imos traballar en todo o ciclo organizados nos 3 trimestres, deixando cabida a posibles pequenos proxectos que poidan xurdir al longo do curso:

	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
3 ANOS	<ul style="list-style-type: none"> • A ESCOLA • O NOME I • O OUTONO • O NADAL 	<ul style="list-style-type: none"> • O NOME II • O INVERNO • OS ALIMENTOS • O ENTROIDO 	<ul style="list-style-type: none"> • A PRIMAVERA • OS ANIMAIS • A FAMILIA • O VERÁN
4 ANOS	<ul style="list-style-type: none"> • O NOME • O OUTONO • O CORPO • O NADAL 	<ul style="list-style-type: none"> • O INVERNO • OS ALIMENTOS • O ENTROIDO • OS OFICIOS 	<ul style="list-style-type: none"> • A PRIMAVERA • OS ANIMAIS • A FAMILIA • O VERÁN
5 ANOS	<ul style="list-style-type: none"> • A ESCOLA • O OUTONO • O CORPO • O NADAL 	<ul style="list-style-type: none"> • O INVERNO • O ENTROIDO • OS ALIMENTOS • OS MEDIOS DE TRANSPORTE 	<ul style="list-style-type: none"> • AS PLANTAS • OS ANIMAIS • A FAMILIA • O VERÁN

As áreas de Psicomotricidade, Tics, Lingua Estranxeira (Inglés), Música e Educación en valores están integradas de forma natural durante todo o curso, evitando a fragmentación que rompería co principio de globalización.

O tema transversal de centro deste curso é “**Que arte tes! (arte na escola)**” que impregnará os obxectivos, contidos e demais temas transversais a traballar no desenvolvemento desta etapa educativa.

5.1. ADAPTACIÓN COVID 19

Obxectivos 5º Educación Infantil.

Durante este curso as unidades didácticas do 3º trimestre do curso pasado de 3 anos será recuperado do seguinte xeito:

- A primavera, os animais, a familia e o verán (iniciarase e ampliarase no 3º trimestre deste curso).

Do curso anterior quedan pendentes de acadar os seguintes obxectivos que serán temporalizados do seguinte xeito:

- Coñece os elementos naturais básicos que rodean as persoas: Sol, Lúa, Auga e Terra. (3º trimestre)
- Recoñece características básicas dos transportes e relacionalos co medio polo que se desprazan. (3º trimestre)
- Recoñece e diferencia os animais e as plantas do ámbito próximo. (3º trimestre)
- Identifica e relaciona os animais de granxa co produto e os alimentos que se obteñen deles. (3º trimestre)
- Realiza trazos: libres, verticais, horizontais, inclinados, ondulados, semicirculares, circulares. (1º. 2º e 3º trimestre).

Obxectivos 6º Educación Infantil.

Durante este curso as unidades didácticas do 3º trimestre do curso pasado de 4 anos será recuperado do seguinte xeito:

- A primavera, os animais, a familia e o verán (iniciarase e ampliarase no 3º trimestre deste curso).

Do curso anterior quedan pendentes de acadar os seguintes obxectivos que serán temporalizados do seguinte xeito:

- Observar os cambios e modificación as que están sometidos os elementos do entorno: o clima. (3º trimestre)
- Relacionar algúns cambios ambientais que se producen co paso das estacións.(1º,2º e 3º trimestre)
- Observar e coñecer as características, funcións e utilidade de distintos animais e plantas do entorno.(3º trimestre)



- Observar e coñecer animais, plantas e formas de vida que se desenvolven en contornos diferentes ao noso. (3º trimestre)
- Coñecer distintos medios de transporte e de comunicación. (3º trimestre)
- Identificar e respectar normas básicas de seguridade viaria. (3º trimestre)
- Mostrar interese e curiosidade pola comprensión do medio físico e social formulando preguntas e opinións propias. (3º trimestre)
- Identificar os números 5 e 6 e realizar a grafa e relacionar coa cantidade.(1º, 2º e 3º trimestre)
- Utilizar posibilidades de forma de representación matemática para describir algúns obxectos e situacións do entorno.(1º, 2º e 3º trimestre)
- Identificar no medio que nos rodea as cores: rosa, marrón, branco, negro, gris e violeta.(1º, 2º e 3º trimestre)

ADAPTACIÓN AO COVID 5º EI - MÚSICA

- Utilizar instrumentos musicais para acompañar producións e obras musicais. (1º trimestre).
- Construír un instrumento de percusión con materiais de refugallo.

ADAPTACIÓN AO COVID 6º EI - MÚSICA

- Participar na realización de danzas colectivas e individuais, tradicionais galegas e doutras culturas. (2º trimestre).
- Construír un instrumento de percusión con materiais de refugallo (1º trimestre).

ADAPTACIÓN AO COVID INGLÉS.

As dúas últimas unidades do curso pasado, non se ensinaron debido á situación que vivimos do confinamento polo Covid 19. Non se avanzou temario, estiveronse a repasar o vocabulario e as funcións do primeiro e segundo trimestre.

Serán introducidos ao longo deste curso (no primeiro e segundo trimestre deste ano)



6. PROGRAMACIÓN DE 3 ANOS.

6.1. OBXECTIVOS DO NIVEL DE 3 ANOS.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- ✓ Coñecer o propio corpo de forma global e as súas partes principais.
- ✓ Coñecer e valorar o propio corpo e as características diferenciais dos nenos e das nenas.
- ✓ Coñecer os sentidos e as súas funcións.
- ✓ Adquirir hábitos persoais, sociais, de orde e traballo e ser cada vez máis autónomos.
- ✓ Adquirir conceptos de forma lúdica.
- ✓ Identificar e expresar adecuadamente os seus propios sentimentos e emocións.
- ✓ Desenvolver a coordinación e o movemento do corpo no espazo.
- ✓ Diferenciar as nocións espaciais: preto/ lonxe, arriba/abaixo, dentro/fóra, ao lado de...
- ✓ Adquirir a coordinación dinámica xeral para subir, baixar e saltar.
- ✓ Actuar de forma autónoma nas actividades da vida cotiá.

Coñecemento do contorno:

- ✓ Coñecer e respectar as normas de convivencia relacionadas co coidado do ámbito.
- ✓ Recoñecer características básicas dos transportes e relacionalos co medio polo que se desprazan.
- ✓ Recoñecer e diferenciar os animais e as plantas do ámbito próximo.
- ✓ Identificar e relacionar os animais de granxa co produto e os alimentos que se obteñen deles.
- ✓ Observar, coñecer os espazos habituais do colexio e da casa e identificarse con estes.
- ✓ Respectar as normas de convivencia.
- ✓ Coñecer e participar nas actividades relacionadas coas festas tradicionais: Magosto, Nadal, Entroido...



- ✓ Recoñecer as formas planas: círculo, triángulo e cadrado.
- ✓ Recoñecer a cantidade e a grafía dos cuantificadores 1,2 e 3.
- ✓ Formar series sinxelas.

Linguaxes: comunicación e representación.

- ✓ Adquirir vocabulario.
- ✓ Recoñecer o seu nome e o dos seus compañeiros.
- ✓ Comprender e expresar oralmente os contos, vivencias,
- ✓ Participar en diálogos colectivos.
- ✓ Desenvolver a expresión, a comprensión e a creatividade a través dos contos, poesías, cancións, etc
- ✓ Desfrutar da lectura de contos.
- ✓ Identificar as cores: vermello, amarelo, azul, verde e os dos obxectos do seu ámbito.
- ✓ Utilizar diferentes técnicas e materiais nas diferentes formas de expresión.
- ✓ Apreciar as producións plásticas propias e as dos demais.
- ✓ Realizar trazos: libres, verticais, horizontais, inclinados, ondulados, semicirculares, circulares.
- ✓ Discriminar o son e o silencio, ritmos rápidos e lentos, a intensidade.
- ✓ Identificar e diferenciar os sons do seu ámbito próximo.
- ✓ Achegarse ao coñecemento e emprego das Tics como ferramenta de comunicación e expresión.
- ✓ Identificar o son e o silencio, ritmos rápidos e lentos e intensidades (forte/piano).
- ✓ Recoñecer e diferenciar sons cotiáns e da súa contorna (sons da casa, de animais, de medios de transporte, de instrumentos ...).
- ✓ Desenvolver o gusto pola música clásica.
- ✓ Coñecer e ampliar o repertorio de cantigas infantís e cantigas tradicionais galegas.
- ✓ Coñecer visual e auditivamente algúns instrumentos de pequena percusión.



LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- ✓ Comprender mensaxes de textos orais en lingua inglesa (cancións, chants, rimas, contos, encargos, instrucións...) accesibles e significativas para eles e relacionadas coas súas experiencias e intereses. (O corpo, a familia, a escola, os xoguetes... e accións cotiáns)
- ✓ Participar de forma oral en situacións de comunicación habituais e sinxelas: xogos sonoros reproducindo grupos de sons con significado, palabras ou textos orais breves na lingua estranxeira, entoación, cancións, actividades de TPR... aprendendo a respectar a quenda de palabra e escoitando ós demais.
- ✓ Afacerse a falar nunha lingua diferente.
- ✓ Familiarizarse co vocabulario referente ás súas rutinas diarias, saúdos...
- ✓ Comprender e responder de forma verbal e non verbal a producións orais na lingua estranxeira asociadas a tarefas usuais da aula e con abundante apoio visual..
- ✓ Aprender de maneira lúdica, divertida e atractiva para desperta-lo interese dos alumnos para aprender a nova lingua e reforzar a súa adquisición.
- ✓ Percibir a lingua inglesa coma unha lingua máis de comunicación no seu entorno escolar. Utilizar recursos expresivos verbais e non verbais co fin de facerse entender e comprobar se entenden.

RELIXIÓN.

- ✓ Presentar aos nenos a figura de Xesús.
- ✓ Identificar a festa do Nadal.
- ✓ Expresar agradecemento, cariño e delicia por ter unha familia que nos coida e quere.
- ✓ Respectara as persoas e cousas do entorno como Xesús fixo e nos ensina a facer.
- ✓ Identificar diferentes formas de coidar a natureza e as persoas.
- ✓ Saber que o domingo é a festa dos amigos de Xesús, que forman unha gran familia: a Igrexa.

6.2. CONTIDOS DO NIVEL DE 3 ANOS

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Coñecemento do propio corpo de forma global e as súas partes principais.
- Coñecemento e valoración do propio corpo e as características diferenciais dos nenos e das nenas.
- Coñecemento dos sentidos e as súas funcións..
- Desenvolvemento da coordinación e o movemento do corpo no espazo.
- Diferenciación das nocións especiais: preto/ lonxe, arriba/abaixo, dentro/fóra, ao lado de...
- Cumprimento das normas básicas de convivencia en diferentes situacións: xogos, rutinas, etc.
- Actuación de forma autónoma nas actividades da vida cotiá.
- Actitude positiva ante as súas emocións e as dos demais.
- Adquisición da coordinación dinámica xeral para subir, baixar e saltar.

Coñecemento do contorno:

- Coñecemento e respecto das normas de convivencia relacionadas co coidado do ámbito.
- Recoñecemento e diferenciación os animais e as plantas do ámbito próximo.
- Identificación e relación os animais de granxa co produto e os alimentos que se obteñen deles.
- Observación, coñecemento os espazos habituais do colexio e da casa e identificarse con estes.
- Respecto as normas de convivencia.
- Recoñecemento das formas planas: círculo, triángulo e cadrado.
- Recoñecemento da cantidade e a grafía dos cuantificadores 1,2, e 3.
- Formación de series sinxelas.
- Coñecemento e participación en acontecementos e festas do entorno.

Linguaxes: comunicación e representación.

- Adquisición de vocabulario.
- Recoñecemento do seu nome e do dos compañeiros.



- Comprensión e expresión oralmente os contos, vivencias,
- Participación en diálogos colectivo.
- Utilización de formas sociais para saudar, despedirse, pedir algo, etc.
- Identificación das cores: vermello, amarelo, azul e os dos obxectos do seu ámbito.
- Utilización de diferentes técnicas e materiais nas diferentes formas de expresión.
- Realización de trazos: libres, verticais, horizontais, inclinados, ondulados, semicirculares, circulares.
- Gusto pola lectura de contos.
- Gusto, interese e pracer por desenvolver actividades creativas.
- Desfrute coas producións plásticas propias e alleas.
- Identificación do son e do silencio, ritmos rápidos e lentos e intensidades (forte/piano)
- Recoñecemento e diferenciación de sons cotiáns e da súa contorna (sons da casa, de animais, de medios de transporte, de instrumentos ...).
- Desenvolvemento do gusto pola música clásica.
- Coñecemento e ampliación do repertorio de cantigas infantís e cantigas tradicionais galegas.
- Coñecemento visual e auditivo dalgúns instrumentos de pequena percusión.

LINGUA ESTRANXEIRA: (INGLÉS)

- Unit 1 .Cores (red, blue, yellow, green). Rainbow.
- Unit 2 .- Familia (mummy, daddy, brother, sister)
- Unit 3 .- Partes do Corpo (head, body, arms, legs)
- Unit 4 .- Animais (tortoise, dog, cat, rabbit, fish)
- Unit 5 .- Oficios (postman, doctor, teacher, cleaner)
- Unit 6 .- Xoguetes (teddy, car, doll, dinosaur)
- Unit 7 .- Alimentos (bread, milk, apple, eggs)
- Unit 8 .- Roupas (dress, shorts, hat, T-shirt)
- Festivals: Halloween, Christmas, Carnival, Easter, Summer, ...



RELIXIÓN

- Xesús naceu no portal de Belén.
- A familia. A Sagrada Familia.
- Valores que Xesús nos ensina.
- O mundo, un regalo de Deus que debemos coidar.
- Interese por coñecer cousas sobre Xesús. A Biblia.
- Diferentes tipos de festas. Igrexa punto de encontro dos amigos de Xesús.

6.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO NIVEL DE 3 ANOS.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- ✓ Coñece o propio corpo de forma global e as súas partes principais.
- ✓ Coñece e valorar o propio corpo e as características diferenciais dos nenos e das nenas.
- ✓ Coñece os sentidos e as súas funcións.
- ✓ Identifica e expresa adecuadamente os seus sentimentos e emocións.
- ✓ Desenvolve a coordinación e o movemento do corpo no espazo.
- ✓ Diferencia as nocións espaciais: preto/ lonxe, arriba/abaixo, dentro/fóra, ao lado de...
- ✓ Actúa de forma autónoma nas actividades da vida cotiá.
- ✓ Adquire a coordinación dinámica xeral para subir, baixar e saltar.
- ✓ Salta sen dificultade.
- ✓ Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio
- ✓ Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor, como carreiras e saltos
- ✓ Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando..)
- ✓ Recolle pelotas coas dúas mans
- ✓ Mantén o equilibrio estático: sobre un pé, nas puntas..

Coñecemento do contorno:

- ✓ Coñece e respecta as normas de convivencia relacionadas co coidado do ámbito.
- ✓ Recoñece e diferencia os animais e as plantas do ámbito próximo.



- ✓ Identifica e relaciona os animais de granxa co produto e os alimentos que se obteñen deles.
- ✓ Observa, coñece os espazos habituais do colexio e da casa e identificarse con estes.
- ✓ Respecta as normas de convivencia.
- ✓ Recoñece as formas planas: círculo, triángulo e cadrado.
- ✓ Recoñece a cantidade e a grafía dos cuantificadores 1,2 e 3.
- ✓ Forma series sinxelas.
- ✓ Coñece e participa en festas, tradicións e costumes do seu entorno, disfrutando e valorándoas.

Linguaxes: comunicación e representación.

- ✓ Adquire vocabulario.
- ✓ Comprende e expresa oralmente os contos, vivencias,
- ✓ Participa en diálogos colectivos.
- ✓ Expresa sentimentos e ideas mediante a linguaxe verbal.
- ✓ Desfruta da lectura de contos.
- ✓ Identifica as cores: vermello, amarelo e azul nos obxectos do seu ámbito.
- ✓ Utiliza diferentes técnicas e materiais nas diferentes formas de expresión.
- ✓ Realiza trazos: libres, verticais, horizontais, inclinados, ondulados, semicirculares, circulares.
- ✓ Desfruta co emprego das Tics.
- ✓ Identifica son e silencio, ritmos rápidos e lentos e intensidades (forte/piano).
- ✓ Recoñece e diferencia sons cotiáns e da súa contorna (sons da casa, de animais, de medios de transporte, de instrumentos...).
- ✓ Desenvolve o gusto pola música clásica.



- ✓ Coñece e amplía repertorio de cantigas infantís e cantigas tradicionais galegas.
- ✓ Coñece visual e auditivamente algúns instrumentos de pequena percusión.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- ✓ Relacionar o significado de palabras en lingua estranxeira coas imaxes correspondentes.
- ✓ Captar o sentido global de mensaxes sinxelas, instrucións, comandos...
- ✓ Mostrar interese por participar en diversas situacións de comunicación oral utilizando estruturas sinxelas.
- ✓ Recitar, cantar cancións e chants coa axeitada entoación e pronuncia, expresividade, movementos...
- ✓ Participar de forma oral en situacións de comunicación habituais e sinxelas ou en situacións creadas para tal fin intentando o bo uso da pronuncia, entoación e ritmo, así como respectar a quenda de palabra, e as opinións dos demais.
- ✓ Gardar e coidar o material utilizado, así como observar o seu grao de realización, orde e limpeza.

RELIXIÓN

- ✓ escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula.
- ✓ Participa no canto de panxoliñas para expresar alegría que esperta o Nadal.
- ✓ Coñece os membros da familia de Xesús.
- ✓ Interésase por facer e compartir actividades con outros nenos e nenas.
- ✓ Observa e distingue algún elementos da natureza.
- ✓ Aмосa alegría e ganas de participar nas festas.



7. PROGRAMACIÓN DE 4 ANOS.

7.1. OBXECTIVOS DO NIVEL DE 4 ANOS.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- ✓ Ter unha imaxe positiva e axustada de si mesmo.
- ✓ Identificar a súa propia imaxe corporal de forma global e segmentaria.
- ✓ Recoñecer e identificar distintas partes do corpo.
- ✓ Adquirir a coordinación dinámica do propio corpo.
- ✓ Aplicar a coordinación viso-motriz na realización de tarefas da vida cotiá e nas relacionadas coa representación gráfica.
- ✓ Desenvolver hábitos de hixiene, alimentación e saúde axeitados.
- ✓ Coñecer e utilizar normas e convencións sociais.
- ✓ Identificar e expresar gustos e preferencias aceptando pequenas frustracións.
- ✓ Progresar no desenvolvemento de capacidades perceptivas, de atención e memoria os seus propios sentimentos e emocións.
- ✓ Ter unha actitude de respecto cara as características dos demais sen manifestar discriminación de ningún tipo.

Coñecemento do contorno:

- ✓ Coñecer e utilizar as normas e hábitos de comportamento social.
- ✓ Identificar distintos modelos de familia, comparándoas coa propia.
- ✓ Coñecer e orientarse en espazos habituais movéndose de xeito autónomo.
- ✓ Tomar progresivamente en consideración aos outros cos que se relaciona.
- ✓ Explorar características e cualidades físicas de distintos obxectos.
- ✓ Utilizar de xeito adecuado termos básicos relativos á organización do tempo e do espazo.
- ✓ Discriminar distintos tipos de vivendas, os seus obxectos, dependencias, diferenzas e semellanzas coa nosa...
- ✓ Coñecer as normas e modos de comportamento social dos grupos dos que forma parte para establecer vínculos fluídos de relación.



- ✓ Coñecer e participar en festas, tradicións e costumes do seu entorno, desfrutándoas e valorándoas como manifestacións culturais.
- ✓ Observar os cambios e modificacións que están sometidos os elementos do entorno: o clima.
- ✓ Relacionar algúns cambios ambientais que se producen co paso das estacións.
- ✓ Observar e coñecer as características, funcións e utilidade de distintos animais e plantas do entorno.
- ✓ Observar e coñecer animais, plantas e formas de vida que se desenvolven en contornos diferentes ao noso.
- ✓ Coñecer distintos medios de transporte e de comunicación.
- ✓ Identificar e respectar normas básicas de seguridade viaria.
- ✓ Mostrar interese e curiosidade pola comprensión do medio físico e social formulando preguntas e opinións propias.
- ✓ Recoñecer as formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo e facer as súas grafías.
- ✓ Realizar seriacións sinxelas de cores, formas, tamaños...
- ✓ Utilizar cuantificadores: moitos/poucos, algún/ningún...
- ✓ Identificar os números 1, 2, 3, 4, 5 e 6 e realizar a grafía e relacionar coa cantidade.
- ✓ Utilizar posibilidades de forma de representación matemática para describir algúns obxectos e situacións do entorno.

Linguaxes: comunicación e representación.

- ✓ Descubrir as posibilidades expresivas do propio corpo .
- ✓ Utilizar o propio corpo e as súas posibilidades expresivas para comunicarse cos demais.
- ✓ Participar en pequenas dramatizacións que reflectan historias sinxelas, vividas ou imaxinadas.



- ✓ Expresar sentimentos e ideas mediante a linguaxe verbal.
- ✓ Comprender as intencións e mensaxes que lle comunican outros nenos/as e adultos.
- ✓ Utilizar correctamente o vocabulario básico, construíndo frases sinxelas e pronunciando correctamente.
- ✓ Utilizar de xeito apropiado as normas que rexen os intercambios lingüísticos, quenda de palabra, escoitar aos demais...
- ✓ Ler, interpretar e producir imaxes como unha forma de comunicación e disfrute.
- ✓ Comprender e reproducir algúns textos, mostrando actitudes de respecto, disfrute e interese.
- ✓ Recoñecer o son e grafía dalgunhas letras.
- ✓ Identificar no medio que nos rodea as cores: amarelo, vermello, rosa, marrón, branco, negro, gris, azul, laranxa e violeta.
- ✓ Utilizar diferentes técnicas plásticas para comunicar sentimentos, emocións, desexos e experiencias.
- ✓ Utilizar correctamente distintos soportes e útiles propios de cada técnica plástica para expresar a realidade vivida ou imaxinada.
- ✓ Apreciar as producións plásticas propias e as dos demais.
- ✓ Descubrir as posibilidades sonoras do propio corpo.
- ✓ Descubrir as posibilidades sonoras do propio corpo.
- ✓ Recoñecer e identificar sons do contorno (da casa, do colexio, da cidade, do bosque,...)
- ✓ Coñecer algúns instrumentos musicais de diferentes familias (vento, corda e percusión) e identificar o seu son.
- ✓ Coñecer algunhas obras clásicas e aprender algúns aspectos sobre os seus compositores/as.
- ✓ Ampliar o repertorio de distintos estilos musicais de cancións e obras (clásicas, actuais, tradicionais da propia cultura e doutras, ...)



- ✓ Producir sons e ritmos empregando instrumentos de pequena percusión, instrumentos naturais e de propia construción.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- ✓ Comprender mensaxes de textos orais en lingua inglesa (cancións, chants, rimas, contos, encargos, instrucións...) accesibles e significativas para eles e relacionadas coas súas experiencias e intereses. (O corpo, a familia, a escola, os xoguetes... e accións cotiáns)
- ✓ Participar de forma oral en situacións de comunicación habituais e sinxelas: xogos sonoros reproducindo grupos de sons con significado, palabras ou textos orais breves na lingua estranxeira, entoación, cancións, actividades de TPR... aprendendo a respectar a quenda de palabra e escoitando ós demais.
- ✓ Afacerse a falar nunha lingua diferente.
- ✓ Familiarizarse co vocabulario referente ás súas rutinas diarias, saúdos...
- ✓ Comprender e responder de forma verbal e non verbal a producións orais na lingua estranxeira asociadas a tarefas usuais da aula e con abundante apoio visual..
- ✓ Aprender de maneira lúdica, divertida e atractiva para desperta-lo interese dos alumnos para aprender a nova lingua e reforzar a súa adquisición.
- ✓ Percibir a lingua inglesa coma unha lingua máis de comunicación no seu entorno escolar. Utilizar recursos expresivos verbais e non verbais co fin de facerse entender e comprobar se entenden.

RELIXIÓN

- ✓ Presentar aos alumnos o mundo que nos rodea como un enorme regalo do que podemos gozar e aprender.
- ✓ Coñecer o relato do nacemento de Xesús.
- ✓ Recoñecer a experiencia de compartir e colaborar.
- ✓ Valorar os membros da familia.
- ✓ Descubrir que María é a nai de Xesús e a nosa nai.
- ✓ Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios mais importantes.

7.2. CONTIDOS DO NIVEL DE 4 ANOS.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Coordinación control dinámico xeral e específico en actividades que impliquen exercicio físico e movemento de todo o corpo.
- Coordinación e control das habilidades manipulativas finas.
- Exploración das posibilidades e limitacións motrices do propio corpo e control progresivo do movemento.
- Exploración e identificación do propio corpo, tanto global como segmentariamente.
- Situación e desprazamento no espazo real.
- Identificación das diferenzas sexuais entre nenos e nenas.
- Identificación das partes da cara, do corpo e as súas funcións.
- Descubrimento e afianzamento da propia lateralidade, desenvolvéndoa libremente.
- Percepción dos cambio físicos que se producen na nosa vida co paso do tempo.
- Utilización dos sentidos para a exploración e identificación de propiedades do obxectos e materiais.
- Adquisición e realización de hábitos elementais de hixiene corporal e alimentación.
- Adquisición de hábitos de traballo. Atención, organización, iniciativa, constancia, capacidade de esforzo.
- Cumprimento de normas básicas de convivencia en diferentes situacións: xogos, rutinas diarias, tarefas...
- Manifestación de sentimentos, emocións e vivencias imaxinadas ou vividas.
- Identificación e realización de accións correctas para o coidado do medio ambiente.
- Confianza nas propias posibilidades de acción, na súa capacidade para resolver tarefas e na súa capacidade creativa.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da propia identidade e das súas posibilidades e limitacións.
- Aceptación das diferenzas evitando calquera tipo de discriminación.
- Actitude positiva ante as demostracións de afecto dos demais.
- Gusto por un aspecto persoal limpo e coidado.

- Aceptación das normas establecidas durante as comidas, o descanso e a hixiene.
- Aceptación das normas de convivencia e comportamento da aula.
- Valoración do traballo ben feito, recoñecemento dos erros e aceptación das correccións.
- Gusto por desenvolver actividades en contornos limpos e ordenados.

Coñecemento do contorno:

- Observación e verbalización das características do edificio, dependencias e persoas que conviven nel.
- Atención e observación aos distintos tipos de casas tanto por dentro como por fóra.
- Orientación e utilización dos espazos habituais de forma autónoma.
- Coñecemento das relacións de parentesco entre os membros da propia familia.
- Participación en manifestacións, acontecementos e festas do entorno.
- Orientación e participación autónoma nas rutinas escolares e familiares habituais.
- Observación dos cambios naturais e dos fenómenos atmosféricos que inflúen na forma de organizar a vida diaria nas distintas estacións, no día e na noite.
- Observación e posterior clasificación dalgunhas plantas, froitos e animais do entorno, comentando costumes, características e partes dalgúns deles.
- Observación dos diferentes tipos de relacións que teñen as persoas cos animais e as plantas.
- Diferenciación e asociación de roupas, alimentos e outros obxectos co tempo atmosférico.
- Asociación de distintos elementos coa planta de orixe.
- Observación e coidado das plantas que temos na aula e no patio.
- Coñecemento, discriminación e clasificación de distintos tipos de alimentos.
- Coñecemento e valoración do traballo das persoas manifestando respecto.

- Discriminación de comportamentos e actitudes adecuadas e inadecuadas e utilización das normas elementais de convivencia.
- Contribución á consecución e mantemento de ambientes limpos e saudables.
- Observación guiada dos medios de transporte e descrición das súas utilidades.
- Observación e utilización correcta dos contedores de lixo para reciclar.
- Observación e atención a manifestacións, sucesos e acontecementos do entorno do que forman parte durante o verán.
- Exploración, manipulación e utilización de diferentes obxectos.
- Observación e clasificación de obxectos en función das súas características.
- Interese por coñecer a escola, as dependencias e as persoas que conviven nela.
- Valoración e uso das normas de convivencia social, no centro, na familia e no entorno.
- Respetto polos distintos modelos de estrutura familiar.
- Interese por participar na vida escolar, familiar e social.
- Respetto e uso das normas elementais de educación vial.
- Respetto e coidado polos obxectos e espazo nos que se desenvolve.
- Interese por observar os cambios de estación e entre o día e a noite.
- Respetto e interese pola diversidade de profesións e vivendas.
- Valoración da necesidade de que exista equilibrio entre as persoas, as plantas e os animais, desenvolvendo actitudes de curiosidade, respecto e coidado para conservar o medio natural.
- Interese por coñecer as características do propio entorno en tódalas épocas do ano (outono, inverno, primavera, verán).
- Interese por coñecer a procedencia dalgúns alimentos e roupas.
- Iniciativa na asunción de algunhas responsabilidades e encargos relacionados co coidado dunha planta ou animal.

- Interese por coñecer as características, funcións e ciclo vital dalgúns animais e plantas.
- Gusto e curiosidade pola exploración de obxectos.
- Exploración, comparación e agrupación de obxectos en colección atendendo ás súas semellanzas e diferenzas, ao tamaño e a cuantificadores: moitos/ poucos, cheo/baleiro....
- Comparación de distintos obxectos segundo a súa forma circular, cadrada, triangular ou rectangular e a súa lonxitude, peso...
- Utilización das nocións espaciais e temporais básicas.
- Construción da serie numérica ascendente e descendente mediante a adición ou sustracción da unidade.
- Utilidade da serie numérica para contar elementos e obxectos e a súa representación gráfica (números 1,2,3,4,5 e 6).
- Gusto por poñer en práctica coñecementos sobre relacións entre obxectos e pola súa exploración contándoos e comparándoos.
- Gusto e pracer pola actividade matemática (seriacións, diferenzas e semellanzas, medidas, labirintos...)
- Apreciación da utilidade dos números e das operacións que con eles se poden facer non xogos e problemas que se presentan na vida cotiá.

Linguaxes: comunicación e representación.

- Experimentación das propiedades expresivas do propio corpo.
- Representación e imitación de personaxes, contos ou historias, individualmente e en grupo.
- Comprensión de imaxes, evocación e relato de feitos, contos e acontecementos debidamente secuenciados no tempo.
- Producción e comprensión de mensaxes que fagan referencia e necesidades, emocións, desexos ou informacións.
- Utilización de frases sinxelas de distinto tipo (afirmativas, exclamativas....) con pronunciación clara e correcta e con variación de xénero, número, lugar e tempo.
- Ampliación do vocabulario: cualidades, accións, nomes....

- Comprensión e reprodución dalgúns textos orais sinxelos e da tradición Cultural.
- Utilización de formas sociais para saudar, despedirse, pedir algo.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica, sinais.
- Utilización das normas da lingua escrita (orientación esquerda/dereita, finalidade...).
- Lectura e interpretación de imaxes percibindo diferenzas e semellanzas.
- Produción de elaboracións plásticas para expresar feitos, desexos e fantasías, utilizando diversas técnicas, cores, tons, materiais e soportes.
- Identificación dalgúns obras artísticas sinxelas.
- Exploración das propiedades sonoras dos obxectos e do propio corpo, e imitación dos sons que producen.
- Utilización e interpretación de cancións sinxelas, seguindo o ritmo e a melodía e participación en xogos musicais.
- Interese por expresarse a través do movemento e das posibilidades expresivas do corpo.
- Gusto pola dramatización e posta en escena de pequenos feitos e historias.
- Iniciativa na participación de actividades expresivas.
- Interese e iniciativa por participar en situacións de comunicación oral de diferentes tipos.
- Actitude de escoita e respecto aos demais en diálogos e conversacións colectivas, respectando as normas que regulan o intercambio lingüístico.
- Atención e interese polos textos de tradición cultural.
- Gusto e pracer por interpretar imaxes e ordenar historietas sinxelas.
- Valoración da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e disfrute.
- Atención e interese polos sons da súa lingua.
- Coidado dos libros.
- Gusto, interese e pracer por desenvolver actividades creativas.
- Disfrute coas producións plásticas propias e alleas.
- Gusto e interese por coñecer as cores e algunhas técnicas plásticas.
- Coidado dos materiais e utensilios que se empregan nas diferentes técnicas plásticas.



- Descubrimento das posibilidades sonoras do propio corpo.
- Recoñecemento e identificación de sons do contorno (da casa, do colexio, da cidade, do bosque,...)
- Coñecemento dalgúns instrumentos musicais de diferentes familias (vento, corda e percusión) e identificación do seu son.
- Coñecemento dalgunhas obras clásicas e aprendizaxe dalgúns aspectos sobre os seus compositores/as.
- Ampliación do repertorio de distintos estilos musicais de cancións e obras (clásicas, actuais, tradicionais da propia cultura e doutras, ...)
- Produción de sons e ritmos empregando instrumentos de pequena percusión, instrumentos naturais e de propia construción.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Unit 1.- Accións (dance, clap, point, sit down, stand up, wave).//Story 1
- Unit 2.- Partes da cara e estado de ánimo (ears, nose, eyes, mouth, sad, happy).// Story 2
- Unit 3.- Cores (pink, grey, orange, black, brown, white). //Story 3
- Unit 4.- Familia (mummy, daddy, sister, bother, granny, granddad)./Story 4
- Unit 5.-Aparatos do parque.(slide, swing, climbing frame, bike, scooter, trampoline). //Story 5
- Unit 6 .- Animais (snake, crocodile, monkey, parrot, lion, elephant)./Story 6
- Unit 7.-Espacio (astronaut, rocket, earth, sky, stars, moon).// Story 7
- Unit 8.-Froitas (apples, pears, oranges, bananas, cherries, strawberries).Story 8.
- Festivals : Halloween, Christmas, Carnival, Easter, Summer,

RELIXIÓN.

- Gratitude e respecto pola creación.
- O Nadal. Costumes típicos do Nadal.
- Accións cotiás nas que podemos compartir e colaborar.
- A Sagrada Familia. A Igrexa.
- Maio, mes de María.
- Nas festas convivimos e compartimos.

7.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 4 ANOS.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- ✓ Ten unha imaxe positiva e axustada de si mesmo.
- ✓ Idéntica a súa propia imaxe corporal de forma global e segmentaria.
- ✓ Recoñece e identificar distintas partes do corpo.
- ✓ Adquire a coordinación dinámica do propio corpo.
- ✓ Aplica a coordinación viso-motriz na realización de tarefas da vida cotiá e nas relacionadas coa representación gráfica.
- ✓ Desenvolve hábitos de hixiene, alimentación e saúde axeitados.
- ✓ Coñece e utiliza normas e convencións sociais.
- ✓ Identifica e expresa gustos e preferencias aceptando pequenas frustracións.
- ✓ Identifica e expresa adecuadamente os seus propios sentimentos e emocións.
- ✓ Progresa no desenvolvemento de capacidades perceptivas, de atención e memoria.
- ✓ Ten unha actitude de respecto cara as características dos demais sen manifestar discriminación de ningún tipo.
- ✓ Mantén o equilibrio nos desprazamentos, nos saltos...
- ✓ Salta sen dificultade.
- ✓ Confía nas súas posibilidades de acción e movemento.
- ✓ Globalmente móvese con axilidade.
- ✓ Ten unha boa coordinación de movementos.
- ✓ Esfórzase e pon a proba a súa habilidade motriz.

Coñecemento do contorno:

- ✓ Coñece e utiliza as normas e hábitos de comportamento social.
- ✓ Identifica distintos modelos de familia, comparándoas coa propia.
- ✓ Coñece e oríntase en espazos habituais movéndose de xeito autónomo.
- ✓ Toma progresivamente en consideración aos outros cos que se relaciona.
- ✓ Explora características e cualidades físicas de distintos obxectos.
- ✓ Utiliza de xeito adecuado termos básicos relativos á organización do tempo e do espazo.
- ✓ Coñece e identifica espazos físicos próximos, establecementos e edificios públicos.



- ✓ Discrimina distintos tipos de vivendas, os seus obxectos, dependencias, diferenzas e semellanzas coa nosa...
- ✓ Coñece as normas e modos de comportamento social dos grupos dos que forma parte para establecer vínculos fluídos de relación.
- ✓ Coñece e participa en festas, tradicións e costumes do seu entorno, desfrutándoas e valorándoas como manifestacións culturais.
- ✓ Observa os cambios e modificación as que están sometidos os elementos do entorno: o clima.
- ✓ Relaciona algúns cambios ambientais que se producen co paso das estacións.
- ✓ Observa e coñece as características, funcións e utilidade de distintos animais e plantas do entorno.
- ✓ Observa e coñece animais, plantas e formas de vida que se desenvolven en contornos diferentes ao noso.
- ✓ Coñece distintos medios de transporte e de comunicación.
- ✓ Identifica e respecta normas básicas de seguridade vial.
- ✓ Mostra interese e curiosidade pola comprensión do medio físico e social formulando preguntas e opinións propias.
- ✓ Recoñece as formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo e facer as súas grafías.
- ✓ Realiza seriacións sinxelas de cores, formas, tamaños...
- ✓ Utiliza cuantificadores: moitos/poucos, algún/ningún...
- ✓ Identifica os números 1, 2, 3, 4, 5 e 6 e realizar a grafía e relacionar coa cantidade
- ✓ Identifica unidades de tempo: hoxe, mañá, noite, día...
- ✓ Utiliza posibilidades de forma de representación matemática para describir algúns obxectos e situacións do entorno.

Linguaxes: comunicación e representación.

- ✓ Descubre as posibilidades expresivas do propio corpo .
- ✓ Utiliza o propio corpo e as súas posibilidades expresivas para comunicarse cos demais.
- ✓ Participa en pequenas dramatizacións que reflictan historias sinxelas, vividas ou imaxinadas.
- ✓ Expresa sentimentos e ideas mediante a linguaxe verbal.

- ✓ Comprende as intencións e mensaxes que lle comunican outros nenos/as e adultos.
- ✓ Utiliza correctamente o vocabulario básico, construíndo frases sinxelas e pronunciando correctamente.
- ✓ Utiliza de xeito apropiado as normas que rexen os intercambios lingüísticos, quenda de palabra, escoitar aos demais...
- ✓ Le, interpreta e produce imaxes como unha forma de comunicación e disfrute.
- ✓ Comprende e reproduce algúns textos, mostrando actitudes de respecto, disfrute e interese.
- ✓ Recoñece o son e grafía dalgunhas letras.
- ✓ Identifica no medio que nos rodea as cores: amarelo, vermello, rosa, marrón, branco, negro, gris, azul, laranxa e violeta.
- ✓ Utiliza diferentes técnicas plásticas para comunicar sentimentos, emocións, desexos e experiencias.
- ✓ Utiliza correctamente distintos soportes e útiles propios de cada técnica plástica para expresar a realidade vivida ou imaxinada.
- ✓ Apreciar as producións plásticas propias e as dos demais.
- ✓ Descubre as posibilidades sonoras do propio corpo.
- ✓ Recoñece e identifica sons do contorno (da casa, do colexio, da cidade, do bosque,...)
- ✓ Coñece algúns instrumentos musicais de diferentes familias (vento, corda e percusión) e identificar o seu son.
- ✓ Coñece algunhas obras clásicas e aprender algúns aspectos sobre os seus compositores/as.
- ✓ Amplía o repertorio de distintos estilos musicais de cancións e obras (clásicas, actuais, tradicionais da propia cultura e doutras, ...)
- ✓ Produce sons e ritmos empregando instrumentos de pequena percusión, instrumentos naturais e de propia construción.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- ✓ Relacionar o significado de palabras en lingua estranxeira coas imaxes correspondentes.
- ✓ Captar o sentido global de mensaxes sinxelas, instrucións, comandos...
- ✓ Mostrar interese por participar en diversas situacións de comunicación oral utilizando estruturas sinxelas.



- ✓ Recitar, cantar cancións e chants coa axeitada entoación e pronuncia, expresividade, movementos...
- ✓ Participar de forma oral en situacións de comunicación habituais e sinxelas ou en situacións creadas para tal fin intentando o bo uso da pronuncia, entoación e ritmo, así como respectar a quenda de palabra, e as opinións dos demais.
- ✓ Gardar e coidar o material utilizado, así como observar o seu grao de realización, orde e limpeza.

RELIXIÓN.

- ✓ Aмосa admiración pola beleza da natureza.
- ✓ Identifica algúns costumes e tradicións propias do Nadal.
- ✓ Aмосa unha actitude de axuda e colaboración cara aos amigos e amigas.
- ✓ Valora a importancia de ter unha familia que nos quere, protexe e axuda.
- ✓ Aмосa interese por coñecer a vida de Xesús e de María.
- ✓ Recoñece o domingo como día de descanso para gozar coa familia e amigos.

8. PROGRAMACIÓN DE 5 ANOS.

8.1. OBXECTIVOS DO NIVEL DE ANOS.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- ✓ Adquirir unha imaxe real e positiva de si mesmo, identificando as súas características e capacidades persoais.
- ✓ Comprender e interiorizar nocións, espaciais e temporais básicas.
- ✓ Coñecer o seu corpo global e segmentariamente, os sentidos e as súas funcións.
- ✓ Progresar na adquisición de hábitos de autonomía, saúde e hixiene, orde, responsabilidade e de relación.
- ✓ Avanzar no dominio de actividades motoras básicas.
- ✓ Adoptar unha actitude de respecto cara ás características e calidades doutras persoas, sen actitude de discriminación en relación co sexo ou con calquera outro aspecto diferenciador.
- ✓ Identificar e controlar progresivamente os seus propios sentimentos e emocións.

Coñecemento do contorno.

- ✓ Observar e explorar o seu ámbito familiar, social e natural, con unha actitude de respecto e coidado.
- ✓ Orientarse e actuar autonomamente nos espazos habituais, para adquirir independencia e confianza en si mesmos.
- ✓ Identificar os elementos e forzas da natureza.
- ✓ Coñecer os principais medios de locomoción e transporte.
- ✓ Coñecer e participar en festas, tradicións e costumes populares, valorándoas como manifestacións culturais propias.
- ✓ Experimentar e coñecer diferentes tipos de obxectos e os seus materiais.
- ✓ Apreciar os cambios que se producen na Natureza, e percibir a dependencia mutua existente entre Medio Natural e Ser Humano.
- ✓ Valorar os distintos oficios e profesións e coñecer as súas principais características e funcións.
- ✓ Identificar os principais Medios de Comunicación e as súas funcións.

- ✓ Identificar as características e beneficios dos Seres Vivos: Animais e Plantas.
- ✓ Asociar a grafa dos números do 0 ao 9 coa cantidade correspondente.
- ✓ Diferenciar formas e figuras xeométricas.
- ✓ Iniciarse na realización de sumas e restas gráficas.

Linguaxes: comunicación e representación.

- ✓ Comprender, coñecer e reproducir textos orais.
- ✓ Valorar a lingua escrita, como medio de expresión, comunicación e disfrute.
- ✓ Coñecer as cores primarias e as súas combinacións para obter os secundarios.
- ✓ Avanzar no dominio de técnicas plásticas.
- ✓ Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- ✓ Coñecer e aprender o vocabulario específico de cada Unidade Didáctica.
- ✓ Identificar e discriminar auditivamente e visualmente vogais e consoantes.
- ✓ Ler, interpretar e producir imaxes como unha forma de comunicación e goce valorando as propias e as alleas.
- ✓ Iniciarse na interpretación e na representación.
- ✓ Recoñecer e identificar distintos instrumentos de percusión, de corda e de vento, así como algúns instrumentos tradicionais da propia cultura.
- ✓ Desenvolver o gusto pola música clásica e coñecer algúns dos seus compositores e obras.
- ✓ Distinguir diferentes tipos de sons atendendo as súas cualidades (recoñecemento auditivo - timbre, agudo-grave, longo-curto, forte-piano)
- ✓ Introducir ao alumnado na lectoescritura musical: pentagrama, clave de sol, notas, ...
- ✓ Reproducir esquemas rítmicos sinxelos co propio corpo ou con instrumentos de pequena percusión, acompañando ladaíñas e cancións.
- ✓ Interpretar cancións e participar activamente nos xogos musicais propostos.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- ✓ Comprender mensaxes de textos orais en lingua inglesa (cancións, chants, rimas, contos, encargos, instrucións...) accesibles e significativas para eles e relacionadas coas súas experiencias e intereses. (O corpo, a familia, a escola, os xoguetes... e accións cotiáns)
- ✓ Participar de forma oral en situacións de comunicación habituais e sinxelas: xogos sonoros reproducindo grupos de sons con significado, palabras ou textos orais

breves na lingua estranxeira, entoación, cancións, actividades de TPR... aprendendo a respectar a quenda de palabra e escoitando ós demais.

- ✓ Afacerse a falar nunha lingua diferente.
- ✓ Familiarizarse co vocabulario referente ás súas rutinas diarias, saúdos...
- ✓ Comprender e responder de forma verbal e non verbal a producións orais na lingua estranxeira asociadas a tarefas usuais da aula e con abundante apoio visual..
- ✓ Aprender de maneira lúdica, divertida e atractiva para desperta-lo interese dos alumnos para aprender a nova lingua e reforzar a súa adquisición.
- ✓ Percibir a lingua inglesa coma unha lingua máis de comunicación no seu entorno escolar. Utilizar recursos expresivos verbais e non verbais co fin de facerse entender e comprobar se entenden.

RELIXIÓN.

- ✓ Amosar interese por coidar o propio corpo.
- ✓ Identificar o Nadal como unha festa tradicional da nosa cultura, coñecela e valorala.
- ✓ Aprender a respectar, a escoitar aos demais, e a identificar estas actitudes como esenciais para o traballo en equipo.
- ✓ Identificar a familia como un ambiente de confianza para expresalo libremente.
- ✓ Coñecer e valorar a finalidade da biblioteca.
- ✓ Recoñecer símbolos, imaxes e edificios relixiosos.

8.2. CONTIDOS DO NIVEL DE 5 ANOS.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- Recoñecemento das súas características persoais.
- Utilización das nocións espaciais e temporais básicas para explicar a situación propias, a dalgún obxecto ou a dalgunha persoa.
- Exploración e identificación das características propias do corpo.
- Utilización dos sentidos na exploración do corpo e identificación de sensacións e percepcións.
- Descubrimento e control das necesidades básicas do corpo.
- Identificación dos alimentos necesarios e saudables para unha correcta alimentación.
- Control de actividades motoras finas: cortar, picar, dobrar, resgar, pegar, abotoar.

- Identificación de hábitos de alimentación, hixiene e descanso para favorecer a saúde.
- Recoñecemento dos trazos diferenciadores das persoas.
- Identificación dos propios sentimentos e emocións, e os dos demais.
- Aceptación e valoración da súa propia identidade.
- Interese por adquirir unha boa orientación espazo – temporal.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da propia identidade.
- Gusto por un aspecto persoal coidado.
- Interese por levar unha alimentación sá e equilibrada.
- Interese por realizar actividades para afianzar a motricidade fina.
- Valoración positiva do significado de ter unha boa saúde.
- Gusto por coñecer as características doutras persoas.
- Iniciativa para expresar os seus propios sentimentos e emocións.

Coñecemento do contorno.

- Coñecemento do ámbito familiar, social e natural.
- Coñecemento das distintas características da casa, a escola e o barrio.
- Identificación das sensacións que producen os contactos coa auga, terra, aire, sol.
- Coñecemento dos distintos medios de transporte que podemos utilizar.
- Identificación das festas tradicionais e populares.
- Exploración e manipulación de distintos obxectos.
- Recoñecemento das características propias de cada estación.
- Identificación das diversas profesións e as súas funcións.
- Atención a acontecementos que se relatan a través dos medios de comunicación.
- Interese por coñecer o mundo dos animais e as plantas e actitude de coidado e respecto cara a eles.
- Interese por asumir pequenas responsabilidades no coidado do seu ámbito próximo.
- Interese por coñecer a casa, a escola e o lugar onde viven.

- Pracer e gusto pola realización de actividades ao aire libre e na natureza.
- Aceptación das normas básicas de circulación vial e de comportamento nos transportes públicos.
- Gusto pola participación nas festas e tradicións culturais e familiares.
- Interese por explorar e manipular obxectos.
- Interese por observar os distintos cambios que se producen na natureza nas distintas estacións.
- Valoración e respecto por todas as profesións.
- Actitude positiva cara aos distintos medios de comunicación.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos animais e as plantas.
- Asociación da grafía dos números do 0 ao 9 coa cantidade correspondente.
- Identificación das formas e figuras xeométricas.
- Realización de sumas e restas gráficas.

Linguaxes: comunicación e representación:

- Identificación das distintas formas de comunicarse a través da linguaxe escrita.
- Adquisición dun repertorio de cancións, contos, poesías, adiviñas, rimas, refráns.
- Coñecemento das cores primarias e das súas mesturas para obter os secundarios.
- Utilización das diferentes técnicas plásticas.
- Utilización das diferentes formas de expresión para comunicarse.
- Comprensión do vocabulario específico de cada unidade e interpretación de imaxes.
- Identificación das letras vogais e consoantes.
- Goce coa interpretación individual e grupal.
- Interese para utilizar e coñecer a linguaxe escrita.
- Iniciativa nas actividades de intercambio oral.
- Apreciación da utilidade dos números e das operacións matemáticas.

- Gusto e interese polo descubrimento das distintas formas xeométricas.
- Interese por realizar sumas e restas gráficas.
- Interese por descubrir as cores e as súas mesturas.
- Gusto por avanzar no dominio de técnicas plásticas.
- Iniciativa para utilizar as distintas formas de expresión.
- Interese por ampliar o seu vocabulario e por interpretar imaxes.
- Actitude positiva para aprender letras novas.
- Interese por expresarse co corpo a través da interpretacións.
- Recoñecemento e identificación de distintos instrumentos de percusión, de corda e de vento, así como algúns instrumentos tradicionais da propia cultura.
- Desenvolvemento do gusto pola música clásica e coñecemento dalgúns dos seus compositores e obras.
- Identificación de diferentes tipos de sons atendendo as súas cualidades (recoñecemento auditivo - timbre, agudo-grave, longo-curto, forte-piano)
- Introducción do alumnado na lectoescritura musical: pentagrama, clave de sol, notas, ...)
- Reprodución de esquemas rítmicos sinxelos co propio corpo ou con instrumentos de pequena percusión, acompañando ladaíñas e cancións.
- Interpretación de cancións e participación activa nos xogos musicais propostos.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Inicio .- Saúdos e repaso . Hello! Goodbye. / How are you? I'm fine, thanks./ What's your name? / What day is it today?.. / What's the weather like today? // Colours (purple, green, yellow, red, pink, brown, black, grey, orange, blue) and numbers from 1 to 10.
- Unit 1.-Úteis do alumno na aula (pencil, book, rubber, scissors, glue, crayon).
- Unit 2 .- Partes do corpo (arms, head, body, legs, feet, hands). Verbos de acción: wave, nod, turn, clap, stamp..). Os cinco sentidos (hear, see, smell, taste, touch).
- Unit 3.-Medios de transporte (bus, taxi, car, plane, train, boat).
- Unit 4.-A casa (house, roof, floor, windows, door, walls). Estancias da casa: bathroom, kitchen, living room, bedroom. // Story 4

- Unit 5.- As roupas (jumper, trousers, hat, boots, socks, gloves). Nature smart: as estacións – winter, spring, summer, autumn. // Story 5
- Unit 6.-Animais mariños (turtle, fish, seahorse, shark, octopus, crab).
- Unit 7.- Alimentos (bread, cheese, butter, ham, egg, salad).
- Unit 8.-natureza (pond, grass, path, leaves, flowers, bench). Nature smart: Insectos e metamorfose –butterfly, caterpillar, cocoon. //Story caterpillar
- Festivals: Halloween, Christmas, Carnival, Easter, Summer, Father’s Day...

RELIXIÓN.

- Coidamos a vida. Hábitos saudables de hixiene e alimentación.
- Interese e alegría por participar nas tradicións cristiás.
- Os valores e os beneficios do traballo en equipo.
- Podemos falar con Deus, pedirle axuda e darlle grazas.
- Gústannos os libros. A Biblia.
- Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.

8.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 5 ANOS.

Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal:

- ✓ Adquire unha imaxe real e positiva de si mesmo, identificando as súas características e capacidades persoais.
- ✓ Comprende e interioriza nocións, espaciais e temporais básicas.
- ✓ Coñece o seu corpo global e segmentariamente, os sentidos e as súas funcións.
- ✓ Progresa na adquisición de hábitos de autonomía, saúde e hixiene, orde, responsabilidade e de relación.
- ✓ Avanza no dominio de actividades motoras básicas.
- ✓ Adopta unha actitude de respecto cara ás características e calidades doutras persoas, sen actitude de discriminación en relación co sexo ou con calquera outro aspecto diferenciador.
- ✓ Identifica e controla progresivamente os seus propios sentimentos e emocións.
- ✓ Esfórzase e pon a proba a súa habilidade motriz.
- ✓ Mantén o equilibrio cando transporta algún obxecto.



- ✓ É capaz de coordinar a súa acción coa das demais compañeiras e compañeiros cando o xogo o require.
- ✓ Globalmente móvese con axilidade.
- ✓ Ten unha boa coordinación de movementos.
- ✓ Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.

Coñecemento do contorno.

- ✓ Observa e explora o seu ámbito familiar, social e natural, con unha actitude de respecto e coidado.
- ✓ Orientase e actuar autonomamente nos espazos habituais, para adquirir independencia e confianza en si mesmos.
- ✓ Identifica os elementos e forzas da natureza.
- ✓ Coñece os principais medios de locomoción e transporte.
- ✓ Coñece e participa en festas, tradicións e costumes populares, valorándoas como manifestacións culturais propias.
- ✓ Experimenta e coñece diferentes tipos de obxectos e os seus materiais.
- ✓ Aprecia os cambios que se producen na Natureza, e percibir a dependencia mutua existente entre Medio Natural e Ser Humano.
- ✓ Valora os distintos oficios e profesións e coñecer as súas principais características e funcións.
- ✓ Identifica os principais Medios de Comunicación e as súas funcións.
- ✓ Identifica as características e beneficios dos Seres Vivos: Animais e Plantas.
- ✓ Asocia a grafía dos números do 0 ao 9 coa cantidade correspondente.
- ✓ Diferencia formas e figuras xeométricas.
- ✓ Iniciase na realización de sumas e restas gráficas.

Linguaxes: comunicación e representación:

- ✓ Valora a lingua escrita, como medio de expresión, comunicación e desfrute.
- ✓ Comprende, coñece e reproduce textos orais.
- ✓ Coñece as cores primarias e as súas combinacións para obter os secundarios.
- ✓ Avanza no dominio de técnicas plásticas.
- ✓ Desenvolve habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- ✓ Coñece e aprende o vocabulario específico de cada Unidade Didáctica.
- ✓ Identifica e discrimina auditivamente e visualmente vogais e consoantes.

- ✓ Le, interpreta e produce imaxes como unha forma de comunicación e goce, valorando as propias e as alleas.
- ✓ Iniciase na interpretación e na representación.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- ✓ Relacionar o significado de palabras en lingua estranxeira coas imaxes correspondentes.
- ✓ Captar o sentido global de mensaxes sinxelas, instrucións, comandos...
- ✓ Mostrar interese por participar en diversas situacións de comunicación oral utilizando estruturas sinxelas.
- ✓ Recitar, cantar cancións e chants coa axeitada entoación e pronuncia, expresividade, movementos...
- ✓ Participar de forma oral en situacións de comunicación habituais e sinxelas ou en situacións creadas para tal fin intentando o bo uso da pronuncia, entoación e ritmo, así como respectar a quenda de palabra, e as opinións dos demais.
- ✓ Gardar e coidar o material utilizado, así como observar o seu grao de realización, orde e limpeza.

RELIXIÓN.

- ✓ Respecta e coida a natureza.
- ✓ Recoñece algúns signos e manifestación das festas do Nadal.
- ✓ Participa nas diferentes actividades e amósase colaborador/a coas compañeiras/as.
- ✓ Identifica a familia como espazo de agarimo.
- ✓ Coñece a existencia da Biblia como o libro máis importante para os cristiáns.
- ✓ Identifica o templo ou igrexa como a casa onde se reúnen os amigos de Xesús.



9. PERÍODO DE ADAPTACIÓN PARA O ALUMNADO DE 3 ANOS.

Este período está xustificado de dúas formas: Legal e Pedagoxicamente.

• Xustificación Legal:

Esta xustificación está rexistrada na Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, desenvolvemento do Decreto 7/1999, que implanta e regula os centros públicos integrados, que establecen que:

- O profesorado de Educación Infantil elaborará un plan de adaptación, destinados ao alumnado que se incorpore por primeira vez ao centro.
- A planificación deste período contemplará o desenvolvemento dos seguintes aspectos:
 - a) Participación e colaboración das familias neste período.
 - b) A flexibilización do calendario e horario dos nenos que se incorporen por primeira vez ao centro.
 - c) Actividades encamiñadas á mellor adaptación destes alumnos.
 - d) Flexibilización no tipo de agrupamento dos nenos.

Para a planificación do noso período de adaptación teremos en conta, ademais, a ORDE do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

• Xustificación Pedagóxica:

O neno cando accede por primeira vez ao centro escolar atópase con situacións completamente novas para el: o espazo físico, os compañeiros, o profesor, as rutinas, as actividades que se fan e o colexio, os conflitos, etc. Ademais da separación dos seus familiares máis próximos (pai, nai, irmáns...)

Durante este período o neno vaise afacendo pouco a pouco esta serie de cambios, mediante unha flexibilización no agrupamento dos nenos, flexibilización dos horarios, colaboración dos pais, nais ou titores do neno/a...

Isto fai que o neno tome seguridade e confianza e poida gozar do centro escolar nun ambiente cálido e agradable, sen medos e angustias, ...

• Obxectivos formulados neste período.

Para os nenos:

- x Expresar os propios sentimentos cara á escola.
- x Coñecer algúns elementos da aula.
- x Coñecer o nome do educador e o dos seus compañeiros.
- x Recoñecerse como integrante do grupo.

- x Familiarizarse cos materiais e actividades cotiás.
- x Coñecer algúns profesionais do centro: docente, conserxe,...
- x Adecuar ao ritmo escolar as rutinas correspondentes ao sono, á comida...do neno

Para o educador:

- x Coñecer e adaptarse a cada neno.
- x Establecer unha estreita colaboración entre escola-familia para un bo desenvolvemento do neno.

• **Contidos formulados neste período.**

- Participación e recoñecemento da pertenza a distintos grupos sociais.
- Identificación do educador e dos membros do seu grupo de iguais.
- Manipulación e experimentación dos obxectos persoais e da aula.
- Identificación do seu propio nome e o dos seus compañeiros/as.
- Utilización de saúdos, despedidas,... para relacionarse cos demais.
- Aceptación da propia identidade e a dos demais.
- Interese por coñecer os espazos e os profesionais do centro escolar.
- Actitude positiva ante as normas establecidas para o funcionamento do grupo/clase.

• **Organización do período de adaptación:**

En primeiro lugar, faise unha reunión cos pais, nais ou titores dos nenos/as para informalos de: as liñas xerais de funcionamento do centro, o tipo de actitudes de carácter educativo e afectivo que facilitan o devandito período e poñer no meu coñecemento os datos organizativos que sexan relevantes para levalo a cabo. De forma máis específica recibirán información sobre:

- a) O horario e os días en que os pais/nais dos/as alumnos/as os/as acompañen á aula, para non masificala.
- b) Os/as nenos/as que pertencían a cada grupo e o horario e a data de incorporación dos grupos de nenos/as.
- c) O establecemento de pautas de actuacións na aula.

• **Organización do horario do período de adaptación:**

Durante este período, os tempos serán especialmente flexibles, dadas as necesidades e dificultades de comunicación que presentan os nenos desta idade coas persoas que aínda non coñecen ben.

Segundo está estipulado na ORDE do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, o período de adaptación desenvolverase dende o día 10 de setembro ata, como máximo, o 30 de setembro.

A entrada do alumnado será de forma segmentada, dividindo o gran grupo en dous e permanecendo na aula un máximo de 2 horas nos primeiros días, aumentando a súa duración progresivamente nos vindeiros días.

• **Actividades:**

As actividades que se fan son de carácter lúdico e ademais en grande grupo para que os nenos poidan relacionarse e coñecerse máis doadamente. Traballarase con contos, xogos didácticos como crebacabezas, construcións, ... para que o profesor poida observar e atender aqueles nonos que non poidan estar sós, aos que choren...

Actividades cos nenos durante este período:

- Xogos con música: os nenos bailan pola clase mentres soa a música e paran cando a música cesa.
- Xogos de presentación.
- Elaboración dos manteis das merendas.
- Os nenos de pé e xogan fan unha roda de pé cantando cancións.
- Xogos coa plastilina.
- Xogos de identificación de sons.
- Realizan debuxo libre. Ademais colorean algúns debuxos que lles proporciona o seu profesor.
- Lectura de contos.
- Xogos de imitación no canto de xogo simbólico.
- Presentación das cancións para traballar as diferentes rutinas cotiás (bos días, recoller o material utilizado, despedida...
- Todos os días realizan unha serie de rutinas: cando chegan saúdan e preséntanse. Cando se van despídense,...

• **Avaliación do período de adaptación:**

O profesor ten que avaliar todos os aspectos e elementos que forman o período de adaptación:

- Chegada: actitude coa persoa que o trae (alegre, triste, tímido, chora...), aférrase a algún obxecto ou familiar...
- As relacións existentes entre: neno/nenos, neno/mestre, familia/mestre e mestre/resto de docentes.
- As capacidades dos nenos (as que tiña antes e as adquiridas durante este período de adaptación).
- Os obxectivos e contidos formulados neste tempo.
- As actividades propostas realizadas.
- A distribución do tempo e do espazo.
- Os recursos materiais e humanos que participaron neste período.

A técnica empregada para realizar esta avaliación do proceso é unha observación directa e sistemática, durante todo o tempo que dure o período de adaptación (avaliación continua).

Tamén hai que destacar o seu carácter formativo, de modo que permita cambiar ou reforzar aqueles aspectos que non resulten positivos no período de adaptación.

Entre os distintos instrumentos existentes para realizar a avaliación, vanse utilizar unha ficha de avaliación na que mediante diferentes items quedan expostos todos os elementos avaliábeis do proceso de adaptación, tamén mediante o diario de clase, o rexistro anecdótico,...

10. METODOLOXÍA.

A metodoloxía que se empregará para levar a cabo esta programación está baseada nas orientacións metodolóxicas recollidas no Decreto 330/2009 do 4 de xuño.

Así pois, partírase do nivel de desenvolvemento do alumnado, porque o neno/a vai ser o propio construtor do seu coñecemento, a partir das experiencias que a familia, escola e ámbito lles proporcionan, potenciando a súa actividade física e mental; de forma que o amplíen e se formen como persoas íntegras, con actitude e personalidade crítica.

As actividades propostas terán un carácter lúdico, destacando a importancia do **xogo** como actividade propia desta etapa, adaptándose en todo momento ás diferenzas individuais entre o alumnado e aos grupos burbulla definidos nas aulas, respondendo ás súas necesidades particulares.

A programación desenvolverase mediante actividades que interrelacionen os distintos tipos de contidos e áreas, respondendo así ao principio de **globalización**. Os nenos mediante esta metodoloxía, irán desenvolvendo actitudes, procedementos e estratexias básicas para a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender, farémola a través de preguntas abertas por parte do profesorado acerca de determinados feitos ou situacións, promovendo así o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se investigue na aula.

Unha estratexia favorable de traballo na aula será a organización de **proxectos** consensuados na aula colectivamente polo grupo, xa que resultan altamente motivadores á vez que favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, sentíndose así participantes activos do grupo.

A nosa práctica educativa tamén inclúe, durante este curso, unha liña de traballo baseada na **metodoloxía STEM** fomentando así no noso alumnado o espírito científico, investigador,...para respectar a individualización e a socialización, organizaranse actividades **individuais**, en **pequeno grupo** e en **gran grupo (sempre tendo en conta a indicacións do protocolo COVID)** . Estes agrupamentos dependerán da complexidade da actividade a realizar, da seguridade desta, das capacidades dos/as nenos/as...

Toda situación de ensino-aprendizaxe debe ter a **afectividade** como fío condutor para que o alumnado se sinta seguro e contribúa á formación dunha autoimaxe positiva.

A interacción cos demais alumnos/as e co/a profesor/a, será un dos aspectos que cambiará, para favorecer o proceso de socialización do alumnado, farase en grupos burbulla ou de forma individualizada.

Neste curso debido a aparición da pandemia, presenta unhas características especiais, propoñemos 3 supostos de ensino:

- **Ensino presencial:** Esta programación será levada a cabo na aula polo alumnado e os docentes implicados.
- **Ensino semipresencial:** Se o alumnado ten que estar no domicilio durante un longo período de tempo, este curso seguirá o proceso de ensino-aprendizaxe a través da aula virtual (coa app symboloo) e tamén recollendo e entregando as tarefas a familia no centro.
- **Ensino non presencial:** Se a aula é confinada na súa totalidade seguirá o proceso de ensino-aprendizaxe de forma telemática a través da aula virtual (coa app symboloo).

10.1 LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

A adquisición da lingua inglesa ten lugar ó mesmo tempo que a aprendizaxe intelectual, física, emocional e social. Polo que é fundamental a coordinación cos titores e traballar dun xeito integrado e globalizador coas outras áreas do currículo. O uso da lingua ten un propósito, un fin. Os nenos desenrolan a capacidade de escoitar outro idioma se están expostos a el pero non presionalos para que o falen.

A adquisición de vocabulario e frases mediante técnicas de repetición significativas. Presentar o inglés en contextos comunicativos familiares, próximos ó seu mundo sempre coa finalidade de comprender para facer.

Na comprensión oral traballaranse moitas cancións e chants que motivan ós nenos, crean un ambiente agradable para a aprendizaxe e teñen moitas repeticións para axudar a comprender e memorizar. Para elo facilitarase a memorización con apoio visual, efectos sonoros, mímica e accións ilustrativas por parte do profesor ou de vídeos axeitados. Os nenos participan imitando os xestos, sinalando debuxos ou facendo representacións e están en situación de empezar a dicir palabras en inglés, aínda que sexan palabras soltas.

É importante respectarlle o período de SILENCIO e darlles oportunidade de falar en inglés sin que se sintan presionados a repetir. Primeiro escoitan, interiorizan e logo xa falarán. As actividades de T P R (Total Physical Response) contribúen a mellorar

a comprensión oral. Os nenos responden con xestos ou accións apropiadas a instrucións que dá o profesor.

Utilizaremos recursos expresivos verbais e non verbais co fin de facerse entender e comprobar se entenden. Outro elemento moi importante é o xogo. Seguimos o libro Daisy, Robin and Me! da Editorial Oxford.

10.2 PSICOMOTRICIDADE

Debido á situación excepcional que estamos vivindo adoptaremos unha serie de precaucións nas sesións de Psicomotricidade:

- Antes de comenzar a sesión, os/s alumnos/as lavarán as mans con auga e xabón alomenos 40 segundos ou, de non ser posible, 20 segundos cunha solución hidroalcolica.
- A entrada será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Evitarase a formación de aglomeracións.
- Como docentes, utilizaremos a máscara continuamente, non so pola súa función de protección, senón tamén polo seu carácter exemplificador.
- Os alumnos/as tamén levarán máscara, salvo que a actividade se realice no exterior, de xeito individual, a máis de 2 metros e que o seu uso resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.
- Na medida do posible minimizarase o uso de materiais, que teñan que ser manipulados por varios alumnos/as, limpándoos e desinfectándoos despois do seu uso ou ben deixándoo en corentena de 24 horas. Tomaranse precaucións, lavando as mans ao terminar a clase.

Respecto aos espazos tomaranse as seguintes decisións:

- Sinalización de zonas (traballo individual, zonas de cambio, circulación...) respectando distancias.
- Ventilación do ximnasio ao remate de cada clase.
- Aproveitamento dos espazos ao ar libre (patio, contorna..) sempre que a meteoroloxía o permita.
- O aforo máximo dos aseos será dun alumno ou alumna.

Falando do uso de material, no primeiro trimestre centrarémonos no uso correcto do material incidindo en minimizar o uso compartido do mesmo. Cando o material sexa compartido montaranse tantos percorridos/circuitos en paralelo como grupos colaborativos haxa no grupo de convivencia estable. No 2º e 3º trimestre, se as



condicións da pandemia melloran, faremos un uso menos restritivo do material compartido. Habilitarase unha zona/caixa de corentena/desinfección de material no ximnasio.

Outra aspecto que debemos ter moi en conta son os desprazamentos, estes estarán supervisados para garantir o mantemento da distancia de seguridade

Para organizar os diferentes agrupamentos, basearémonos nas seguintes premisas:

- Priorizarase o traballo individual ou ben aquel traballo en parellas ou grupos nos que se podan manter distancias e evitar o contacto físico. Ao propoñer actividades individuais con material, cada persoa terá o seu propio material diferenciado dos demais.
- Para a realización de certas actividades e xogos, o alumnado pode saír do seu espazo individual pero o contacto físico ten que ser mínimo. Faranse grupos estables de xogo respectando os grupos colaborativos establecidos nas titorías. Cada grupo estable de xogo permanecerá no seu espazo mentres a mestra non autorice o contrario, mantendo en todo momento a distancia interpersoal de 1,5 m entre os seus membros.
- Ao finalizar cada sesión cada grupo colaborativo estable de xogo axudará a recollida do material utilizados polos membros do grupo.

11.RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS.

No desenvolvemento desta programación, utilízanse unha serie de recursos e materiais, para que os nenos e nenas poidan levar a cabo a súa actividade, xogos e aprendizaxes. Dadas as características psicoevolutivas dos nenos e nenas de Educación Infantil, o material ha de: estimular os sentidos, favorecer o desenvolvemento motor, permitir o xogo simbólico, poñer en xogo atención, memoria e observación, estimular o uso da linguaxe verbal,...

Contaremos cunha gama variada de materiais e recursos que proporcionarán oportunidades de manipulación. A súa selección, preparación e disposición adecuarase aos obxectivos.

Esta irase presentando de forma progresiva ao longo do curso escolar retirando aqueles que xa non sexan funcionais ou que as súas condicións de seguridade así o requiran.

O material deberá estar á vista e ao alcance dos nenos, será exposto de tal maneira que as súas calidades máis importantes serán captadas dunha ollada, estarán organizados en bandexas, cestas, ...; estará debidamente etiquetado,...

O material ha de ser: de doado manexo, polivalente, non tóxico, cumprir as medidas de seguridade e hixiene, movable, motivador (formas e cores) e resistente e duradeiro...

Este curso o material será usado de xeito individual polo alumnado ou nos equipos de estanqueidade (tal como establece o protocolo cun máximo de 5 membros e sempre os mesmos).

Os **recursos** poden ser:

- Recursos persoais: alumando, profesorado, familia e comunidade educativa (Atención Temperá, Servizos Sociais, Asociacións, ONGs...), grupo de iguais.
- Recursos materiais funxibles e non funxibles: cartolina, papel, lapis, cores, gomas, témperas, pintura de dedos, teas, disfraces, contos, bonecos, pinturas, masa de modelar, escarvadentes, materiais de refugallo, instrumentos musicais, aros, ...
- Recursos TICS: Ordenador, impresora, PDI, canón proxector, tabletas, robots,...

12. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL E TEMPORAL.

12.1. Distribución espacial.

A distribución espacial da aula debe ser **flexible**, para que poida adaptarse ás

características psicoevolutivas do alumnado en todos os momentos do proceso de ensino-aprendizaxe. Por este motivo a distribución que se proporá para este aula é unha **organización espacial por recantos**. Con ela preténdese crear un clima de xogo e traballo diferenciado e todo o material estará colocado á disposición dos nenos, para fomentar a autonomía no alumnado. A mestra será unha orientadora, da actividade dos nenos e nenas, procurando que todos recorran todos os recantos e o fagan en grupos diferentes, ademais de organizalos encargarse da súa desinfección e posta en corentena do material, tal e como establece o protocolo Covid.

Na aula poderanse diferenciar os seguintes recantos: O da asemblea, das experiencias, de plástica, do xogo simbólico, o do traballo de mesa, o do ordenador e o da biblioteca. Ademais do espazo das propias aulas contamos co ximnasio para as sesións de psicomotricidade, biblioteca do centro,... Respecto á lingua inglesa algunhas actividades faranse sentados nas súas cadeiras no grupo de estanqueidade correspondente.

Intentaremos na medida do posible realizar actividades ao aire libre sempre e cando as condicións meteorolóxicas no lo permitan.

12.2. Distribución temporal.

A distribución temporal será **flexible**, para adecuarse aos diferentes ritmos e adaptarse aos distintos tipos de necesidades (de afecto, descanso, actividade, movemento, xogo, relación e comunicación).

Este curso, para cumprir os requisitos do protocolo COVID, establecemos dúas quendas de recreo para respectar a separación entre grupos clase, neste tempo de lecer.

No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse **tempos de rutinas** con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos/as. Respecto á lingua inglesa a clase desenvólvese dúas sesións semanais de 25 minutos. Realizaranse diferentes tipos de actividades, a maioría delas breves. Débese cambiar de actividade cada certo tempo para non aburrir, cansar e perder o interese dos alumnos. Empezaremos as sesións coas rutinas de saúdos, data, tempo atmosférico, os que non están... Seguiremos cunha canción, rima... ben sexa do libro, cantada polo profesor ou proxectada na pantalla. Presentación do

vocabulario da unidade mediante as tarxetas correspondentes. Realizar unha ficha do libro ou proposta polo profesor para relacionar ou completar. Noutra sesión aparte das rutinas escoitaremos a historia ou conto da unidade. Verémolo na pantalla, aseguraremos de que entenderon a historia, faremos preguntas e interacción oral. Tamén poderemos ver historias ou contos de *youtube* ou narrados polo profesor. Recollida de material e canción de despedida ata outro día.

13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A lexislación vixente seguindo o Decreto 330/2009 e o Decreto 229/2011 polo que se regula a Atención á Diversidade, establece diferentes medidas de atención a alumno/as con necesidades específicas de apoio educativo. Neste grupo inclúense:

- Alumnado que presenta necesidades educativas especiais.
- Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.
- Alumnado con Integración Tardía no Sistema Educativo Español.
- Dificultades específicas de aprendizaxe TDAH.
- Condicións persoais ou de historia escolar.

Na Educación Infantil a través do Departamento de Orientación deseñaremos accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe.

Todas estas medidas de atención á diversidade que adoptamos no centro forman parte do noso proxecto educativo.

Neste momento, na etapa de Educación Infantil o Departamento de Orientación está pendente de todos aqueles casos que poidan aparecer tanto no novo alumnado de 3 anos como nas novas incorporacións. Estas propostas educativas para atender á diversidade basearanse en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios, tendo en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade do alumnado.

Para atender á diversidade que nos plantexan as nosas aulas, usaremos estratexias como:

- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe.
- Recursos para a prevención de posibles deficiencias.
- Diversas metodoloxías para unha atención mais eficaz.
- Diversidade de materiais e recursos.
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais.
- A avaliación e control do proceso de aprendizaxe.
- Contacto directo e frecuente coas familias.

Neste curso 2020/2021 contamos no ciclo de Educación Infantil cos seguintes casos: Na aula de 4 anos contamos cunha alumna inscrita no programa Alerta Escolar por Diabete.

Nas aulas de cinco anos contamos cun neno de lingua materna árabe e con falta de expresión en ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia, cun alumno con dificultades a nivel motórico, fonolóxico,... e con outro alumno valorado en Atención Temperá como un caso TEA.

14. A EDUCACIÓN EN VALORES E PARA A CONVIVENCIA.

A Educación Infantil configúrase como un período decisivo para a formación da persoa, xa que nesta etapa aséntanse os fundamentos non só para unha sólida aprendizaxe das habilidades básicas, senón que tamén se adquiren para o resto da vida, hábitos de traballo, convivencia ordenada e respecto cara aos demais.

A Lei 27/2005 do 30 de setembro de fomento da educación e a cultura da paz propón que en todos os niveis do sistema educativo se impartan as ensinanzas de acordo cos valores propios da paz, potenciando unha educación integral, eliminando a intolerancia e promovendo o diálogo e a non-violencia como práctica que hai que xeneralizar na xestión e na transformación de conflitos, tal e como se establece tamén na Lei 4/2011 de convivencia e do Decreto 8/2015 que o complementa.

Consideramos que un dos obxectivos básicos do ensino é o de formar consciencias críticas e persoas capaces de pensar por si mesmas, tarefa que debe comezar a levarse a cabo desde as idades máis temperás. Para lograr o devandito obxectivo, nesta programación concedémoslle grande importancia ás actividades grupais, como por exemplo: **Os Diálogos na Asemblea**, de tal xeito que cada neno ou nena expón libremente a súa opinión sobre un tema e respecta as quendas de palabra, ou as **Actividades en pequenos grupos de traballo** onde o alumnado aprecia a importancia do traballo cooperativo para lograr un fin común.

Esta programación inclúe uns contidos vinculados ao currículo que deben estar inmersos no traballo cotián, polo que desenvolveremos continuamente actitudes de compañeirismo, de respecto e de axuda polos demais, de orde e limpeza, de uso do diálogo, de rexeitamento da violencia e da agresividade, de coidado dos bens naturais, fomentando un estilo de vida e comportamento cotián como aceptación dende valores que a sociedade necesita e establece como positivos para o seu bo funcionamento. Propoñemos un conxunto de contidos de ensinanzas, principalmente actitudinais, que deben entrar a formar parte das actividades presentadas en todas as áreas. Son os seguintes:



➤ EDUCACIÓN PARA A PAZ E A TOLERANCIA.

Supón educar para a convivencia pacífica e a cidadanía democrática, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e intolerancia. Para iso, propoñemos:

- Establecer normas de convivencia na aula e no centro.
- Crear un clima de confianza no que os nenos e as nenas se expresan libremente.
- Fomentar a tolerancia e o respecto polos demais.
- Resolver situacións conflictivas a través do diálogo.
- Outorgarlles responsabilidades aos nenos e ás nenas.
- Rexeitar os xogos, xoguetes e situacións que inciten á violencia.
- Promover actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta.

➤ EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE AMBOS SEXOS.

A sociedade na que vivimos asígnalles aos nenos e ás nenas dende pequenos roles diferentes en función do seu sexo. Os mestres e as mestras poden e deben corrixir estas desigualdades. Polo tanto, nesta programación:

- Propoñemos unha distribución equitativa dos diferentes roles desempeñados polos dous sexos no ámbito familiar, escolar e profesional.
- Rexeitamos todo tipo de discriminación por razón de sexo.
- Analizamos e denunciemos a situación de marxinación e de desigualdade que historicamente sufriu e segue sufrindo a muller.
- Non facemos distinción entre xogos masculinos e xogos femininos.
- Utilizamos unha linguaxe non sexista.
- Asignámoslles responsabilidades na aula indistintamente a nenos e a nenas.
- Comentamos con eles a necesidade de que tanto os nenos coma as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas.
- Procuramos que os espazos ou recunchos da aula sexan utilizados indistintamente polos nenos e polas nenas.
- Narramos contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban aos homes e ás mulleres.

➤ EDUCACIÓN AMBIENTAL

Supón achegar os nenos e as nenas ao medio natural aprendendo a valorar a importancia que este ten para a vida das persoas e desenvolvendo actitudes de respecto e coidado cara a el. Para iso, a nosa programación propón:

- Propiciar saídas fóra da escola para observar o medio natural.
- Ensinarlles a usar de forma responsable os recursos naturais.
- Observar directamente o crecemento dalgunha planta ou o ciclo vital dalgún animal que levaremos á clase.
- Inicialos no coñecemento de materiais reciclables.
- Facerlles observar, directamente ou a través de imaxes, as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio natural.
- Explicarlles a procedencia natural dalgún obxectos e alimentos.
- Realizar actividades plásticas utilizando materiais de refugallo.

➤ EDUCACIÓN PARA O CONSUMO.

Aínda que nestas idades os nenos e as nenas non teñen aínda autonomía como consumidores, están constantemente recibindo mensaxe dos medios de comunicación: publicidade sobre lambetadas, pasteliños, xoguetes, material escolar... O que se pretende é que os nenos e as nenas vaian adquirindo unha actitude crítica e responsable cara ao consumo. Así, nesta programación propoñemos:

- Ensinarlles aos nenos e ás nenas a coidar os materiais individuais e os comúns
- Procurar un máximo de aproveitamento do material escolar.
- Realizar con eles xogos que non necesiten xoguetes.
- Utilizar materiais de refugallo para construír xogos e xoguetes.
- Fomentar o consumo de alimentos sans no almorzo e na merenda en lugar da pastelería industrial.

➤ EDUCACIÓN VIARIA.

O obxectivo fundamental da educación viaria é a prevención de accidentes. Nestas idades, os nenos e nenas aínda non son autónomos nos seus desprazamentos polos espazos urbanos, pero sí que utilizan os transportes públicos –algúns desde os tres anos usan o transporte escolar– e os privados no medio familiar. Por iso, cómpre inicialos no coñecemento dunhas normas establecidas, fundamentais para a súa futura participación no ambiente urbano como peóns, viaxeiros ou usuarios de vehículos. Para tal fin nesta programación propoñemos:



- Realizar saídas curtas polo medio próximo establecendo normas: camiñar polas beirarrúas, non correr, deterse ao chegar a un cruzamento...
- Propoñer xogos nos que sexa necesaria a intervención de figuras como o policía de tráfico, os peóns, os coches,...
- Ensinarlles o significado dos principais sinais de tráfico.
- Realizar xogos coas cores do semáforo.
- Ensinarlles normas sobre o uso dos transportes: ir sentados correctamente, non distraer o condutor, abrochar o cinto de seguridade.

➤ EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA.

Supón preparar os nenos e as nenas para o exercicio da cidadanía e para a participación na vida social e cultural con actitude crítica e responsable. Desta forma, nesta programación propoñemos:

- Ensinarlles a respectar as normas de convivencia que rexen a vida na aula.
- Responsabilizalos no coidado dos materiais e dos espazos comúns.
- Propoñer xogos nos que teñan que discriminar comportamentos adecuados e inadecuados en diferentes situacións.
- Fomentar o respecto cara ás persoas maiores.
- Desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (respecto, tolerancia, solidariedade, convivencia,...)

➤ EDUCACIÓN PARA A SAÚDE.

O obxectivo fundamental é fomentar nos nenos e nas nenas a adquisición de hábitos de saúde: alimentación sa, descanso, coidado e hixiene corporal, prevención de accidentes... Para iso, nesta programación propoñemos:

- Fomentar o consumo de alimento sans: froita, leite, verduras...
- Rexeitar o consumo abusivo de lambetadas e larpeiradas, explicándolles a súa repercusión sobre a saúde dental.
- Establecer normas de aseo persoal: lavar as mans antes e despois de comer, ter o nariz limpo...
- Realizar xogos simbólicos relacionados co aseo para que o vexan como un feito agradable.
- Darlle importancia ao descanso.
- Realizar actividades ao aire libre.
- Informalos e previlos sobre as situacións de perigo no recreo, na aula, na casa...

15. AVALIACIÓN.

Tomando como referencia o Decreto 330/2009 do 4 de xuño e a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación na Educación Infantil ha de ser global, continua e formativa, sendo a observación directa e sistemática a principal técnica de do proceso de avaliación, tomando como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas. A avaliación na educación infantil terá en conta aspectos tan relevantes como:

- A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias.
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

As mestras titoras realizaremos conxuntamente cos especialistas que imparten

docencia co noso grupo/aula as sesións de avaliación pertinentes (unha inicial e tres ao longo do curso).

Ao inicio do curso realizase unha **avaliación inicial**; para coñecer e valorar a situación de partida dos alumnos e empezar cunha intervención axustada ás necesidades, intereses e posibilidades destes.

Durante todo o desenvolvemento do proceso educativo realizase unha **avaliación continua**, esta terá carácter formativo de maneira que a información obtida permitirá ir axustando o proceso de ensino – aprendizaxe de cara ao seu perfeccionamento.

Ao final do curso realízase unha **avaliación final**, para valorar o resultado do seu desenvolvemento e dos seus elementos.

Os **instrumentos** utilizados para realizar a devandita avaliación serán: o diario de clase, escalas de valoración, listas de control, o rexistro anecdótico,...; onde se

recollerá toda a información relevante obtida como consecuencia da observación directa e sistemática.

Cada titora cubrirá os **documentos de avaliación** correspondentes ao seu alumnado que quedarán incluídos no expediente persoal de cada un deles.

Como mínimo entregarase ás familias un informe escrito trimestral do desenrolo do proceso de ensino – aprendizaxe e de forma persoal coas familias tantas veces se estime oportuno.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias que se levarán a cabo serán aquelas que estean establecidas na programación xeral anual segundo o establecido no D. 7/99 do 7 de xaneiro e na Orde do 3 de Outubro do 2000, citando algunhas delas como son: a celebración do Magosto, do Nadal, o día da Paz, o Entroido, o día das Letras Galegas,... e todas aquelas que se poidan realizar aproveitando os recursos do entorno e a oferta cultural que pon á nosa disposición o Concello e demais organizacións sociais e deportivas.

Este curso, non faremos saídas e visitas fóra do Concello de Cuntis, aproveitaremos para visitar a nosa contorna máis próxima co grupo- clase.

17. CONCRECIÓN DO PROXECTO LECTOR, DO PLAN DE CONVIVENCIA, DO PLAN PROXECTA, DO PLAN DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

17.1. ACCIÓNS PREVISTAS DO ACORDO CO PROXECTO LECTOR.

◦ OBXECTIVO ESPECÍFICO.

Fomentar o gusto pola lectura facendo da mesma unha rutina na que atopen entretemento a pracer, conquerindo a imprescindible colaboración dos/das pais/nais.

• ACTUACIÓNS.

Reunión de principio de curso cos/coas pais/nais. Falarase da importancia da lectura e a necesidade da implicación deles para crearlles afección desde pequenos.

Outra particularidade deste curso, é a introdución dun proxecto de Biblioteca Virtual, na que cada venres colgaremos na páxina web (blogue de infantil) o conto seleccionado para ese fin de semana, o cal traballaremos na aula durante a semana posterior.

O noso centro participa nun Programa de mellora da lectura e escritura que se desenvolve en tódolos cursos e dende tódolos departamentos didácticos e ciclos educativos a través dunha actividade (A Hora de Ler) que implica adicarlle tódolos días

lectivos 20 minutos de lectura silenciosa seguindo un calendario establecido para todo o curso. Dende a nosa etapa a lectura non terá un horario tan determinado, basearase en contar contos, dramatizar historias e fomentar o gusto pola lectura e o uso da biblioteca de aula.

• **AVALIACIÓN:**

- a) **CONTINUA.** O interese dos pais constatarase pola preocupación á hora de visualizar o conto, para que o alumnado continue o proceso de ensino-aprendizaxe do mesmo.
- b) **FINAL.** Ao remate do curso faremos un reconto dos libros visualizados por cada alumno/alumna, para obter unha porcentaxe que nos axude a avaliar a marcha do Proxecto Lector.

17.2. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA NA EDUCACIÓN INFANTIL.

De acordo co plan de convivencia do centro, regulada no Decreto 8/2015 e na Lei 4/2011, o ciclo de Educación Infantil colabora en tódalas actividades que se propoñen facendo especial fincapé na etapa de educación infantil na prevención de conflitos e resolución pacífica dos mesmos, tan presentes nas nosas aulas.

17.3. CONCRECIÓN DO PLAN PROXECTA NA EDUCACIÓN INFANTIL.

De acordo coa Programación Xeral do noso centro para este curso, o ciclo de Educación Infantil colabora en tódalas actividades que se propoñen dentro do Plan Proxecta no que participa o colexio, facendo especial fincapé na etapa de educación infantil, onde se abordan temáticas relacionadas co coidado e respecto ao medio ambiente e á natureza, alimentación, meteoroloxía, actividades e contidos moi presentes nas nosas aulas.

17.4. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

O uso das novas tecnoloxías resulta atractivo e motivador para os nenos e nenas, dende o centro aproveitamos tódolos recursos tecnolóxicos existentes na aula e no centro, en todo o desenvolvemento do proceso educativo.

A continuación, elaboramos a introdución gradual das novas tecnoloxías como recursos usuais da aula.

➤ **OBXECTIVOS.**

- ✓ Fomentar a utilización dos recursos tecnolóxicos (taboleiro dixital, tabletas, robot, ordenador,...) como un medio que favoreza a adquisición de coñecementos, destrezas e habilidades.
- ✓ Familiarizarse progresivamente co ordenador: manexo do rato, monitor, altofalantes, teclado,...
- ✓ Familiarizarse progresivamente co uso e manexo da PDI, robot e tabletas.
- ✓ Manexar programas adecuados para a súa idade.
- ✓ Ampliar e reforzar aprendizaxes realizados na aula: adquisición de vocabulario, razoamento matemático, establecer relacións,...

➤ **CONTIDOS.**

Os contidos a traballar a través destes recursos tecnolóxicos, serán os propostos nesta programación para todo o curso, e podemos aproveitar estes para a consecución dos obxectivos propostos tamén na mesma.

➤ **RECURSOS.**

Na aula posuímos un ordenador, co que fixemos un recanto TIC para que os nenos e nenas amplíen e reforcen as aprendizaxes da aula. Nel buscaremos información sobre os intereses dos nenos e nenas. Tamén contamos cunha PDI por aula na que traballaremos contidos das distintas áreas de aprendizaxe.

➤ **AVALIACIÓN.**

A través da asemblea, o alumnado indicará o grado de familiaridade que ten cos ordenadores, tabletas, robots, cantos teñen, se os utilizan e como, ...Así coñeceremos que tipo de programas ou xogos, podemos poñerlle a cada neno ou nena.

Durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe neste curso observaremos como se van desenvolvendo estas actividades, e se van acadando os obxectivos propostos, se son xogos motivadores para eles,...

Ao final do curso, farase unha avaliación de tódolos elementos existentes neste proceso, os obxectivos propostos, a metodoloxía empregada, as actividades realizadas, a relación entre os nenos, entre os nenos e o mestre, ... para poder facer as melloras necesarias.

18. AVALIACIÓN XERAL DA PROGRAMACIÓN.

Hai que avaliar todos os elementos da programación:

- A adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.
- A selección e secuencia dos contidos.
- A organización e interrelación das actividades de acordo co potencial motivador e a súa significatividade en relación cos intereses e coa zona próxima de desenvolvemento de cada neno e nena (motivadores interesantes,...).
- O desenvolvemento das capacidades dos nenos e nenas.
- A diversidade dos/as nenos/as da aula.
- As condicións organizativas e recursos posibles:
 - a) Clima da aula.
 - b) Os recursos (materiais axeitados, seguros, variados, utilidade, polivalencia,motivación,...)
 - c) A organización do tempo e do espazo (tempo abondo, adaptado ás actividades,...; espazos flexibles, fomentan a autonomía...). Organización das actividades.
 - d) Metodoloxía (activa, participativa, axustada, respecta a aprendizaxe do neno, variada,...).
- As interaccións entre as persoas implicadas no proceso (titor/alumnos, alumnos/alumnos, familia/alumnos/titor,...).
- A implicación do profesor no proceso da programación (relación cos nenos, coas familias, co resto do profesorado, a súa motivación,...).
- A técnica empregada para avaliar a programación é a observación directa e sistemática.